

BOQUEIXÓN – A CORUÑA

PROXECTO DE:

O PICO SACRO – PREMIOS GALICIA PARABÉNS ACTUACIÓNS NO ANO 2017

AUTOR: **María Carmen Novoa Sío**
Arquitecta
Colexiada nº: 3.831

DATA: **OUTUBRO 2017**



MEMORIA

O PICO SACRO – PREMIOS GALICIA PARABÉNS

ACTUACIÓNS NO ANO 2017

CONCELLO DE BOQUEIXÓN – A CORUÑA

ÍNDICE

MEMORIA

1. MEMORIA DESCRIPTIVA
 - 1.1. Consideracións preliminares: antecedentes, obxecto e contido
 - 1.2. Datos xerais
 - 1.3. Condicionantes derivados do emprazamento
 - 1.4. Cumprimento da normativa aplicable
 - 1.5. Estado, características e condicións do edificio.
2. MEMORIA DE DERRUBA
 - 2.1. Operacións previas
 - 2.2. Proceso de derruba
3. MEMORIA URBANÍSTICA
4. CONTRATACIÓN

ANEXOS

Reportaxe fotográfica
Estudio básico de seguridade e saúde
Recomendacións ambientais
Estudio de xestión de residuos
Acta previa de replanteo

PLANOS

1. Localización
2. Plantas
3. Alzados e seccións

PREGO DE CONDICIÓNS

NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

ORZAMENTO

MEMORIA DESCRIPTIVA

1. Consideracións preliminares: antecedentes, obxecto e contido.

1.1. Antecedentes.

Redáctase ó presente proxecto a petición do Concello de Boqueixón, co obxecto de realizar as **actuacións previstas para o ano 2017**, das que se atopan incluídas no proxecto ***O Pico Sacro – Premio Galicia Parabéns***.

Ditas actuacións consisten na derruba dunha estrutura localizada no Pico Sacro, así como a limpeza parcial da finca na que se atopa a antedita estrutura.

1.2. Obxecto.

O presente documento ten por obxecto subministrar ós axentes que interveñen no proceso de derruba da devandita estrutura, é á administración encargada da supervisión do proxecto, a información necesaria para levar a cabo a derruba e a xestión dos residuos xerados, de forma eficiente e sostible, en condicións adecuadas de seguridade e saúde para os traballadores e transeúntes.

Para elo, defínese o sistema de derruba, o método de traballo e os medios a empregar para a total derruba da estrutura, así como as medidas a adoptar, encamiñadas á prevención dos riscos de accidente e enfermidades profesionais que poden ocasionarse durante a execución da obra, e as instalacións preceptivas de hixiene e benestar dos traballadores.

1.3. Contido documental.

O proxecto de derruba componse da seguinte documentación:

- Memoria.
- Anexos á memoria.
- Prego de condicións.
- Medicións e presuposto.
- Planos.

A memoria contén os datos de carácter xeral, en relación ós axentes intervintes, as características da parcela, as condicións do entorno inmediato e das edificacións lindeiras (que non existen, neste caso), a xustificación da solución adoptada e do cumprimento da normativa aplicable, a descrición do estado e as características do edificio, o proceso de derruba e as medidas de carácter preventivo adoptadas.

Nos anexos achéganse aqueles documentos que, formando parte do proxecto, poden ser subscritos por axentes distintos ó autor do mesmo, ademais da información gráfica que poda facilitar a súa comprensión:

- Reportaxe fotográfica.
- Estudio de xestión de residuos.

- Estudio básico de seguridade e saúde.

O prego de condicións, o orzamento e os planos son os documentos restantes que complementan o proxecto de derruba.

2. Datos xerais.

2.1. Axentes intervintes.

2.1.1. O promotor.

O promotor é o Concello de Boqueixón, con enderezo no lugar do Forte, s/n, parroquia de Boqueixón.

2.1.2. O autor do proxecto.

O autor do proxecto é a arquitecta María Carmen Novoa Sío (COAG 3.831), arquitecta dos servizos técnicos e urbanísticos municipais.

2.2. Situación e características do edificio a derrubar.

O edificio a derrubar é unha estrutura sen rematar, localizada nas inmediacións do Pico Sacro, parroquia de Lestedo. Asemade, realizarase a limpeza parcial da finca na que se atopa a estrutura.

As características tipolóxicas do edificio resúmense no seguinte cadro:

Tipoloxía do edificio segundo o seu uso	Estrutura sen rematar (sen uso)
Localización respecto ós edificios lindeiros	Edificación illada, non hai edificios lindeiros
Número de plantas sobre rasante	2
Número de plantas baixo rasante	0
Altura sobre rasante (m)	4 m
Profundidade baixo rasante (m)	1 m

2.3. Superficie a derrubar.

Superficie a derrubar	35x12 = 420m ²
-----------------------	---------------------------

3. Condicionantes derivados do emprazamento.

No presente apartado considéranse os condicionantes que afectan á derruba do edificio, en relación á climatoloxía da zona, ás características do entorno inmediato, á existencia de tráfico rodado, á presenza de peóns, e á existencia de acometidas e servizos urbanos, así como os derivados das particularidades da parcela e das edificacións lindeiras.

3.1. Condicionantes do entorno inmediato.

Na vía que da fronte á finca advírtese a presenza de tráfico rodado, o que obriga a tomar as

oportunas medidas de prevención en materia de seguridade.

Na zona na que se localiza o edificio a derrubar non existe ningunha limitación de horario de traballo á marxe das reguladas pola lexislación vixente.

3.2. Servizos urbanos existentes.

O edificio a derrubar non dispón de ningún servizo urbano.

4. Cumprimento da normativa aplicable.

4.1. Normativa de obrigado cumprimento.

- Lei de Prevención de Riscos Laborais. Lei 31/1995, do 8 de novembro, da Xefatura do Estado (B.O.E. 10 de novembro de 1995).
- Regulamento dos Servizos de Prevención. Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (B.O.E. 31 de xaneiro de 1997).
- Seguridade e Saúde nos lugares de traballo. Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (B.O.E. 23 de abril de 1997).
- Manipulación de cargas. Real Decreto 487/1997, do 14 de abril, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (B.O.E. 23 de abril de 1997).
- Protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo. Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, do Ministerio da Presidencia (B.O.E. 24 de maio de 1997).
- Utilización de equipos de traballo. Real Decreto 1215/1997, do 18 de xullo, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (B.O.E. 7 de agosto de 1997).
- Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, do Ministerio da Presidencia (B.O.E. 25 de outubro de 1997).

5. Estado, características e condicións do edificio.

5.1. Estado de conservación.

O edificio atópase nun estado claramente ruinoso, con danos importantes non reparables tecnicamente cos medios habituais, poñendo en grave perigo a estabilidade e a integridade do edificio, requirindo unha intervención inminente.

5.2. Características construtivas.

Terase en conta, na elección do sistema e dos medios de derruba e empregar, as características construtivas máis destacables do edificio a derrubar. Estas peculiaridades descríbense no seguinte cadro:

Cimentación	Zapatatas (illadas e continuas) de formigón ciclópeo
Estrutura vertical: muros e soportes	Muros e piares de formigón armado

Estrutura horizontal: forxados	viguetas prefabricadas de formigón e bovedillas de formigón
Estrutura horizontal: escaleiras	Non hai
Cuberta	Non hai
Cerramentos	Non hai
Particións	Non hai
Carpintería exterior	Non hai
Revestimento interior de chans	Non hai
Revestimento interior de paredes	Non hai
Revestimento interior de teitos	Non hai
Revestimento exterior de fachadas	Non hai

5.3. Sistema de derruba.

Na elección do sistema de execución da derruba, tivéronse en conta os seguintes factores condicionantes:

- O estado xeral de conservación do edificio a derrubar.
- As súas características construtivas, en especial o tipo de estrutura e o seu estado.
- A seguridade dos traballadores, transeúntes e edificacións lindeiras.
- O impacto medioambiental producido pola xeración de po, ruídos e vibracións.
- O volume e as características dos residuos xerados pola derruba.
- A localización en zona de protección do patrimonio arqueolóxico e arquitectónico.

Valorando os condicionantes anteriores e as características do edificio a derrubar, optouse polo sistema de derruba denominado **elemento a elemento**.

5.4. Métodos de traballo.

A derruba levarase a cabo mediante o seguinte método de traballo:

- Con ferramentas manuais:
 - Este método de traballo resulta efectivo para derrubas de pequena envergadura, ou como tarefa preparatoria doutros métodos de derruba.
 - Utilizaranse os martelos manuais pneumáticos, eléctricos ou hidráulicos, conxuntamente coa ferramenta específica para derrubas.
- Por corte e perforación:
 - Utilizarase como complemento doutros métodos de derruba, para sacar partes enteiras dos elementos da derruba que o requiran, mediante o uso da serra circular, practicando cortes horizontais ou verticais ata unha profundidade aproximada de 40 cm.
 - Os inconvenientes medioambientais destacables son: o consumo abundante de subministro de auga para o enfriamento das follas diamantadas e a limitación do po, ademais da

contaminación acústica provocada pola emisión de ruídos de alta intensidade e frecuencia.

- Con martelo hidráulico sobre máquina:
 - Pola súa grande potencia de percusión e de empuxe, xunto á súa mobilidade e versatilidade, é eficaz para calquera tipo de elemento resistente, conseguindo un alto rendemento.
 - Require que a base sobre a que se apoie a máquina soporte a carga total transmitida, e que o alcance do brazo sexa suficiente para a altura dos elementos a derrubar.
 - Na fase de derruba de muros verticais ou piares de certa altura, procederase con precaución, para evitar o desprome sobre a máquina ou o operario.

5.5. Medios a empregar.

Os medios a empregar na execución da derruba son consecuencia do sistema e método de traballo elixidos, agrupándose en:

- Maquinaria e ferramentas específicas para a derruba.
- Medios auxiliares de apoio.
- Mecanismos complementarios de percusión ou derruba.

5.6. Maquinaria e ferramenta previstas na derruba do edificio.

Pa escavadora	Retroescavadora
Camión de caixa basculante	Camión para transporte
Maquinillo	Serra circular
Equipo de soldadura	Ferramentas manuais varias

5.7. Medios auxiliares de apoio que se empregarán na execución da derruba.

Puntais	Escaleira de man
Marquesiña de protección	Baixante de cascallos
Estadas de borriquetas	Estada motorizada
Plataforma elevadora de tesoira	Plataforma de descarga
Cesta elevadora	Guindastre autopropulsada

5.8. Mecanismos de percusión previstos na derruba dos elementos.

- Martelo picador manual. Son adecuados para a derruba de elementos de formigón, paredes e pisos de resistencia considerable. Utilizaranse como complemento a outras técnicas de derruba e en zonas de difícil acceso. Para o seu manexo, se require persoal cualificado, provisto dos equipos de protección individual regulamentarios.
- Martelo hidráulico sobre máquina: os martelos montaranse sobre equipos de maquinaria pesada ou sobre minimáquinas, cunha masa dos martelos que oscila entre 50 kg e 3.500 kg, que se elixirá en función da masa e volume a derrubar. Están provistos de articulacións móbiles, hidráulicas ou de aire comprimido, para facilitar a súa manobra, e terminados cunha pica de aceiro de alta resistencia, cunha lonxitude útil de entre 28 e 95 cm, e un peso de entre 1,5 e 8 toneladas.
- Pinza demoledora: trátase dun mecanismo de percusión con mandíbulas mecánicas intercambiabes, en forma de pinza demoledora, cizalla ou mordazas hidráulicas. Tritura o elemento ó aplicarlle un gran esforzo cortante que provoca a súa rotura.

- Masa suspendida: baséase na transformación da enerxía potencial en enerxía de choque, mediante a suspensión e o movemento pendular dunha gran masa de 5 a 10 toneladas.
- Quebrantador hidráulico: consiste en realizar trades para introducir un quebrantador hidráulico que, presionando os pistóns contra a parede, logra aplicar unha grande forza que provoca a fracturación do elemento a derrubar.

MEMORIA DA DERRUBA

Como criterio xeral, a derruba efectuarase seguindo a orde inverso ó que corresponde á construción dunha obra nova, procedendo desde arriba cara abaixo e intentando que a derruba se realice ó mesmo nivel, evitando a presenza de persoas localizadas nas proximidades de elementos que se derruban ou envorquen.

Na execución da derruba teranse presentes os seguintes principios ou normas básicas:

- Eliminaranse e retiraranse todos os elementos que dificulten unha correcta eliminación dos cascallos.
- O proceso de derruba comezará polo nivel superior, descendendo cara o nivel 0 e a cimentación.
- Os niveis alixeiraranse de forma simétrica, retirándose periodicamente os cascallos para evitar sobrecargas non soportables pola estrutura.
- Antes de derrubar os elementos estruturais, alixeiraranse as cargas, retirándose os cascallos que descansan sobre eles.
- Os corpos voados ou as vigas de grandes luces apuntalaranse cando entrañen un risco excesivo.
- Arriostaranse aqueles elementos que podan sufrir empuxes durante a execución da derruba, como é o caso dos muros de soto e as medianeiras.
- No caso de estruturas hiperestáticas, demoleranse na orden en que se provoquen menores esforzos, frechas, xiros e desprazamentos.

1.1. Operacións previas.

Antes de proceder á derruba do edificio, notificarase de forma fehaciente o inicio da obra ós propietarios das fincas lindeiras que puideran verse afectadas, coa fin de que podan tomar as medidas preventivas oportunas.

Non se considera que a execución da derruba pode entrañar riscos que poñan en perigo a integridade dos transeúntes, xa que a distancia do edificio con respecto á vía que da fronte á finca considérase suficiente como para non afectar o tránsito normal de vehículos e peóns. Non obstante, sinalarase a obra e a posible saída de camións de xeito adecuado.

1.1.1. Desconexión de acometidas.

Aparentemente non existen acometidas na finca, non obstante, debido ó deficiente estado de conservación da finca, non se pode determinar este termo de xeito inequívoco. En todo caso, con anterioridade á derruba do edificio, comprobarase a súa existencia, e no caso de existiren, desconectaranse e neutralizaranse as acometidas das instalacións de acordo coas normas das

compañías subministradoras correspondentes, para evitar riscos de electrocucións, inundacións por rotura de canalizacións, explosións ou intoxicacións por gas.

1.1.2. Instalación de medios auxiliares.

Instalaranse, antes da execución dos traballos de derruba, todos os medios auxiliares necesarios e as proteccións colectivas para que a derruba se leve a cabo de forma segura, e cause o menor impacto medioambiental.

1.1.3. Recuperación de materiais reutilizables.

Antes de iniciarse os traballos de derruba do edificio, procederase á súa limpeza xeral, á súa desinfección e á retirada daqueles materiais que estean catalogados como perigosos segundo o seu código LER. Retirarase a maquinaria e os equipos existentes que podan molestar ou entrañen un risco engadido na execución da derruba.

1.2. Proceso de derruba.

Tendo en conta o sistema de derruba e o método de traballo elixido, a maquinaria e os medios auxiliares a empregar, optouse polo proceso de derruba que se describe a continuación:

1.2.1. Estrutura.

1.2.1.1 Estrutura horizontal: forxado.

Os forxado de formigón derrubarase logo de ter retirado todos os elementos localizados por enriba, incluídos os muros e soportes, comezando polos elementos que entrañen maior risco de desprome ou desprendemento.

Antes de proceder á derruba do forxado, apuntalaranse os elementos saíntes ou voos, e os panos do forxado nos que se aprecie unha deformación excesiva, comprobando que os elementos estruturais inferiores que soportan o apuntalamiento se encontran en bo estado e que as cargas transmitidas non superan en ningún caso a súa capacidade portante.

Os apuntalamientos se deben realizar en sentido ascendente, de abaixo cara arriba, polo xeral en sentido contrario ó proceso de derruba.

Procederase á retirada do entrevigado antes de cortar as viguetas, evitando debilitalas. Desmontaranse despois de apuntalalas ou suspendelas, cortándoas polos seus extremos, xunto ós apoios.

As vigas retiraranse suspendéndoas ou apuntalándoas previamente, cortando ou desmontando os seus extremos, sen deixar partes en voo sen apuntalar.

Durante as interrupcións da derruba non se deixarán elementos inestables sen apuntalar.

1.2.1.2 Estrutura vertical: muros e soportes.

Demoleranse previamente todos os elementos que apoiem sobre o forxado, non permitíndose o seu envorco sobre o mesmo. Para a derruba dos soportes, non se permite a realización de cortes de maneira indiscriminada ou aleatoria, sen o visto bo da dirección facultativa.

1.2.1.3 Rede de saneamento.

Cando non exista impedimento físico, nin se pretenda recuperar ningún elemento da rede de saneamento, pódese levar a cabo a súa derruba por medios mecánicos, separando os compoñentes (tapas, reixas, arquetas prefabricadas, sumidoiros, etc.) para a posterior xestión de residuos.


1.2.1.4 Cimentación.

A derruba das zapatas de formigón (illadas e continuas)realizarase segundo o sistema e método de traballo elixidos, coa utilización das ferramentas, maquinaria e medios auxiliares específicos, definidos nos apartados anteriores, procedéndose á retirada dos restos e cascallos medida que se vai derrubando o cemento.

Queda totalmente prohibido o sistema de derruba "por descalce" ou "por envorco", consistente en eliminar as partes inferiores que desempeñan unha función estrutural de sustentación, provocando a perda de equilibrio do edificio, ou dunha parte do mesmo, ó non ofrecer a seguridade desexada, nin permitir un control adecuado das súas consecuencias.

MEMORIA URBANÍSTICA

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 32-17.02.2015, BOP 37-25.02.2015), ó abeiro da última redacción da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUPMRG).



CATÁLOGO ARQUITECTÓNICO		DOTACIÓNS		EXISTENTE PROGRAMADA		SISTEMA XERAL VIARIO		CLASIFICACIÓN DO SOLO	
CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUITECTÓNICO		ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES		S. XERAL S. LOCAL		TIPO I - 1 N. 625 ESTRADA NACIONAL		S.U. SOLO URBANO (Delimitado e non U.1000)	
AR-01	ARQUITECTURA RELIXIOSA / CONXUNTO PARROQUIAL	TIPO	ESPACIOS LIBRES	ELX	ELL	TIPO II - 1 AP-83 AUTOVÍA	S.L. SOLO DE MEDIO RURAL (Delimitado e non U.1000)		
CB-01	CRUCEROS E ELEMENTOS MENORES	ZVX	ZVL			TIPO II - 4 AC-900 ESTRO. REDE SECUNDARIA	S.O. SOLO URBANO DE DELIMITADO		
AC-01	ARQUITECTURA CIVIL	EQUIPAMENTOS		S. XERAL	S. LOCAL	TIPO III - 1 CR-4500 ESTRO. REDE PRIMARIA	S.H. SOLO URBANO NON DELIMITADO		
CP-01	CONSTRUCCIÓN POPULARES	TIPO	ADMINISTRATIVO	ADX	ADL	TIPO IV - 1 ESTRADA	S.M. SOLO URBANO PROTECCIÓN PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO		
OC-01	OBRA CIVIL	CONXUNTO PARROQUIAL	COMERCIAL	COX	COL	TIPO IV - 2 CAMIÑO	S.P. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS		
ELEMENTO ARQUITECTÓNICO CATALOGADO		COMERCIAL	COMERCIAL	COX	COL	SISTEMA XERAL FERROVIARIO		S.N. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
ÁMBITO CATALOGADO		DEPORTIVO	DEPORTIVO	DPO	DPL	LÍNEA DO TREN DE ALTA VELOCIDADE (TAV)		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
CONTORNO DE PROTECCIÓN DO ELEMENTO		DOXENTE	DOXENTE	DOX	DOL	ZONA DE PROTECCIÓN		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
CATÁLOGO ARQUEOLÓXICO		RELAZADO	RELAZADO	RELX	REL	SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
GA11084001 CÓDIGO DO XACAMENTO ARQUEOLÓXICO		SANITARIO-ASISTENCIAL	SANITARIO-ASISTENCIAL	SAX	SAL	LÍMITE DA ÁREA DE CAUTELA		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL DO XAC. ARQ. (IRAO I.1)		SOCIO-CULTURAL	SOCIO-CULTURAL	SOC	SCL	SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO (S.X.A)		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
LÍM. ÁREA DE CAUTELA DO XAC. ARQ. (ORAO I.2)		INFRAESTRUTURAS	INFRAESTRUTURAS	SIX	SIL	PEGADA SONORA		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
		TIPO	SERVICIOS	SIX	SIL	SERVIDUMES		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	
		SERVICIOS	SERVICIOS	SIX	SIL	POLICIA DE CAUCES		S.O. SOLO URBANO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS	

Detalle do plano de clasificación C-12 do PXOM.

A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Segundo o plano de clasificación C-12, o solo sobre o que se localizan as actuacións previstas atópase clasificado polo PXOM como solo rústico, na categoría de especial protección paisaxística.

Resulta de aplicación a Disposición transitoria primeira da LSG, sobre o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, que establece no seu punto 1.d) que: “ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo”.

En todo caso, en cumprimento do artigo 36 da LSG, as actuacións de derruba precisan do informe favorable previo do Instituto de Estudos do Territorio, como órgano sectorial competente.

Asemade, a finca localízase na zona de protección dos seguintes elementos incluídos no Catálogo do PXOM:

- GA15012011: castelo do Pico Sacro, cun grao de protección II-1 e II-2.
- AR-08: capela de San Sebastián, cun grao de protección integral.

A estes efectos, o artigo 45, sobre réxime de intervencións no contorno de protección, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establece:



1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:

b) As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.

e) As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

En consecuencia, para as actuacións previstas será necesaria a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural.

A continuación, achéganse respectivos detalles das fichas correspondentes do Catálogo do PXOM.



CONTRATACIÓN

1. Normas construtivas.

Esixírase o cumprimento das normas construtivas que aparecen no Prego de Condicións, ademais das incluídas nas normas de carácter xeral vixentes.

Nos prezos unitarios entenderanse incluídos os medios auxiliares, ferramentas e dispositivos necesarios para a completa terminación da obra.

As unidades de obra deben estar totalmente rematadas aínda que algúns elementos non aparecen taxativamente determinados nos cadros de prezos e orzamentos.

2. Prezos.

O cálculo dos prezos das distintas unidades de obra realizarase considerando custes directos e indirectos para a súa execución.

Os prezos nomeados en letra no apartado de Cadro de Prezos, coas rebaixas que resulten na poxa ou concurso, son os que serven de base ó contrato, e o contratista non poderá reclamar que se introduza modificación algunha neles baixo ningún pretexto de error ou omisión.

Nos custes de man de obra e rendementos tense en conta o determinado no vixente Convenio da Construción da Provincia de A Coruña. Os custes dos materiais serán os habituais da zona de execución.

De acordo co disposto no artigo 89 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a revisión de prezos terá lugar cando se teña executado polo menos o 20 por 100 do seu importe, e houbese transcorrido un ano dende a formalización do contrato. Dado que o prazo de execución previsto para a execución da obra é de 3 meses, considérase que non procede a revisión de prezos para este proxecto.

3. Prazo de execución.

Dadas as características das obras considérase necesario e suficiente un prazo de **UN (1) MES** para a correcta terminación das mesmas.

4. Declaración de obra completa.

Faise mención expresa de que o presente proxecto refírese á obra completa, comprendendo todos e cada un dos elementos precisos para a súa utilización, susceptible de emprego ou aproveitamento independente, polo que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sen prexuízo de maiores ampliacións das que pida ser obxecto.

5. Recepción de obra.

Segundo sinala o artigo 147 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a recepción da obra ó remate da mesma, e ós efectos establecidos no artigo 111.2 da citada lei, concorrerá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da Dirección das Obras e o Contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Si se atopan as obras en bo estado e cos arranxos ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta as dará por recibidas, erguéndose a correspondente Acta, e comezando entón o prazo de garantía.

6. Prazo de garantía.

O prazo de garantía das obras será de **UN (1) ANO**, contando a partir do día seguinte da recepción. O contratista será responsable da conservación das obras durante dito período.

7. Previsión de persoas a ocupar na execución do proxecto.

En cumprimento do estipulado no artigo 5, apartado 2.b).3. do Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, estímase que a previsión de persoas a ocupar na execución do proxecto será de **TRES (3)**.


8. Orzamento.

Ascende o Orzamento total (IVE incluído) a **OITENTA E OITO MIL euros (88.000,00 €)**.

Boqueixón, outubro de 2017
María Carmen Novoa Sío
Servizos técnicos e urbanísticos municipais

ANEXOS

ANEXO FOTOGRÁFICO













ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

1. CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES: XUSTIFICACIÓN, OBXECTO E CONTIDO.

1.1. Xustificación.

En cumprimento do artigo 4, sobre obrigatoriedade do estudio de seguridade e saúde, ou do estudio básico de seguridade e saúde nas obras, do RD 1627/1997, do 24 de outubro, do Ministerio da Presidencia, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, ó presente proxecto de derruba debe xuntarse un estudio básico de seguridade e saúde, ó verificarse que:

- a) O orzamento total incluído no proxecto é inferior a 450.760,00 euros.
- b) A duración estimada non é superior a 30 días laborables, non empregándose en ningún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.
- c) O volume estimado de man de obra, entendéndose por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, non é superior a 500 días.
- d) Non se trata dunha obra de túneles, galerías, conducións subterráneas ou presas.

1.2. Obxecto.

No presente estudio básico de seguridade e saúde defínense as medidas a adoptar encamiñadas á prevención dos riscos de accidente e enfermidades profesionais que poden ocasionarse durante a execución da obra, así como as instalacións preceptivas de hixiene e benestar dos traballadores.

Expóñense unhas directrices básicas, de acordo co RD 1627/1997, en canto ás disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde, coa fin de que o contratista cumpra coas súas obrigas en canto á prevención de riscos profesionais.

Os obxectivos que pretende alcanzar o presente estudio básico de seguridade e saúde (en diante, EBSS) son:

- Garantir a saúde e integridade física dos traballadores.
- Evitar accións ou situacións perigosas por improvisación, ou por insuficiencia ou falta de medios.
- Delimitar e esclarecer atribucións e responsabilidades en materia de seguridade das persoas que interveñen no proceso construtivo.
- Determinar os custes das medidas de protección e prevención.
- Referir a clase de medidas de protección a empregar en función do risco.
- Detectar a tempo os riscos que se derivan da execución da obra.
- Aplicar técnicas de execución que reduzan ó máximo estes riscos.

1.3. Contido do EBSS.

De acordo co artigo 6 do RD 1627/1997, o EBSS precisa as normas de seguridade e saúde aplicables á obra, contemplando a identificación dos riscos laborais que podan ser evitados, indicando as medidas técnicas necesarias para elo, así como a relación dos riscos laborais que non podan eliminarse, especificando as medidas preventivas e proteccións técnicas tendentes a controlar e reducir ditos riscos e valorando a súa eficacia, en especial cando se propoñan medidas alternativas, ademais de calquera outro tipo de actividade que se leve a cabo na mesma.

2. DATOS XERAIS.

2.1. Axentes.

Entre os axentes que interveñen en materia de seguridade e saúde na obra obxecto do presente estudio, sinálanse:

Promotor:	Concello de Boqueixón
Autor do proxecto:	María Carmen Novoa Sío
Construtor - xefe de obra:	A designar polo promotor
Coordinador de seguridade e saúde:	A designar polo promotor

2.2. Características xerais do proxecto de execución.

Da información dispoñible na fase de proxecto básico e de execución, achégase aquela que se considera relevante e que pode servir de axuda para a redacción do plan de seguridade e saúde (en diante, PSS):

Denominación do proxecto:	DERRUBA DE ESTRUTURA NO PICO SACRO
Plantas sobre rasante:	1 andar
Plantas baixo rasante:	0
Presuposto de execución material:	61.115,35 euros
Prazo de execución (meses):	1 mes

2.3. Emprazamento.

No presente apartado se especifican, de forma resumida, as condicións do entorno a considerar para a adecuada avaliación e delimitación dos riscos que puideran causar:

Emprazamento:	Pico Sacro (parroquia de Lestedo). Polígono 509, finca 261 (referencia catastral 15090B509002610000TQ)
Condicións dos accesos e viais:	Acceso directo á finca por pista asfaltada.
Estado dos edificios lindeiros:	Non hai.
Condicións climáticas e ambientais:	O clima é peninsular atlántico, con temperaturas suaves. A finca está afectada polo vento dominante do suroeste.

Durante os períodos nos que se produza entrada e saída de vehículos, sinalizárase convenientemente o acceso dos mesmos, tomándose todas as medidas oportunas establecidas pola Dirección Xeral de Tráfico e pola Garda Civil, para evitar posibles accidentes de circulación.

Conservaranse os bordos e o pavimento das beiravías lindeiras, causando o mínimo deterioro posible e repoñendo, en calquera caso, aquelas unidades nas que se aprecie algún dano.

2.4. Estado de conservación e características construtivas do edificio a derrubar.

As características construtivas máis significativas do edificio a derrubar resúmense no seguinte cadro:

Cimentación	Zapatas (illadas e continuas) de formigón ciclópeo
Estrutura vertical: muros e soportes	Muros e pilares de formigón armado
Estrutura horizontal: forxados	Forxados con semiviguetas de formigón armado e bovedillas de formigón
Estrutura horizontal: escaleiras	Non hai
Cuberta	Non hai
Cerramentos	Non hai
Particións	Non hai
Carpintería exterior	Non hai
Revestimento interior de solos	Non hai
Revestimento interior de paredes	Non hai
Revestimento interior de teitos	Non hai
Revestimento exterior de fachadas	Non hai

3. MEDIOS DE AUXILIO.

A evacuación de feridos ós centros sanitarios levarase a cabo exclusivamente por persoal especializado, en ambulancia. Tan só os feridos leves poderán trasladarse por outros medios, sempre co consentimento e baixo a supervisión do responsable de emerxencias da obra.

Disporase en lugar visible da obra un cartel cos teléfonos de urxencias, e o nome e emprazamento dos centros sanitarios máis próximos.

3.1. Medios de auxilio en obra.

Na obra disporase dun armario botiquín portátil modelo B, con destino a empresas de 5 a 25 traballadores, nun lugar accesible ós operarios, e debidamente equipado, segundo a Orde TAS/2947/2007, do 8 de outubro, pola que se establece o subministro ás empresas de botiquíns con material de primeiros auxilios, en caso de accidente de traballo.

O seu contido limitarase, como mínimo, ó establecido no anexo VI.A).3 do RD 486/1997:

- Desinfectantes e antisépticos autorizados.
- Gasas estériles.
- Algodón hidrófilo.
- Vendas.
- Esparadrapo.
- Apósitos adhesivos.

- Tesoiras.
- Pinzas e luvas desechables.

O responsable de emerxencias revisará periodicamente o material de primeiros auxilios, repoñendo os elementos utilizados, e substituíndo os produtos caducados.

3.2. Medios de auxilio en caso de accidente: centros asistenciais máis próximos.

Achégase a información dos centros sanitarios máis próximos á obra, que pode ser de grande utilidade, si se chegara a producir un accidente laboral.

NIVEL ASISTENCIAL	NOME, EMPRAZAMENTO E TELÉFONO	DISTANCIA APROX. (km)
Primeiros auxilios	Botiquín portátil	Na obra
Asistencia primaria (Urxencias)	Centro de saúde de Lestedo Praza da Feira, s/n – 981 513 010	5 km
Asistencia especializada (hospital)	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela Travesía da Choupana, s/n – 981 950 000	35 km
Ambulancia	061	
Emerxencias	112	-

A distancia ó centro asistencial máis próximo se estima en 5 minutos, en condicións normais de tráfico.

4. INSTALACIÓNS DE HIXIENE E BENESTAR DOS TRABALLADORES.

Os servizos hixiénicos da obra cumprirán as disposicións mínimas xerais relativas ós lugares de traballo nas obras, contidas no apartado 15 do Anexo IV (parte A) do RD 1627/1997.

5. IDENTIFICACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS A ADOPTAR.

5.1. Durante os traballos previos á execución da derruba.

Exponse a relación dos riscos máis frecuentes que poden xurdir nos traballos previos á execución da derruba, coas medidas preventivas, proteccións colectivas e equipos de protección individual (EPI), específicos para ditos traballos.

5.1.1. Instalación eléctrica provisional.

RISCOS MÁIS FRECUENTES	
Electrocucións por contacto directo ou indirecto	Cortes e feridas con obxectos punzantes
Proxección de partículas nos ollos	Proxección de partículas nos ollos
Incendios	

MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓN COLECTIVAS
Prevención de posibles contactos eléctricos indirectos, mediante o sistema de protección de posta a

terra, e dispositivos de corte (interruptores diferenciais).
Respectarase unha distancia mínima ás liñas de alta tensión, de 6 m para as liñas aéreas, e de 2 m para as liñas soterradas.
Comprobarase que o trazado da liña eléctrica non coincide co do subministro de auga.
Localizaranse os cadros eléctricos en lugares accesibles, dentro de caixas prefabricadas homologadas, coa súa toma de terra independente, protexidas da intemperie e provistas de porta, chave e visera.
Empregaranse só conducións eléctricas antihumidade, e conexións estancas.
En caso de tender liñas eléctricas sobre zonas de paso, localizaranse a unha altura mínima de 2,2 m, si se dispuxo algún elemento para impedir o paso de vehículos, e de 5 m, no caso contrario.
As tomas de corrente realizaranse a través de clavixas blindadas normalizadas.
Quedan terminantemente prohibidas as conexións triplas (ladróns), e o emprego de fusibles caseiros, empregándose unha toma de corrente independente para cada aparato ou ferramenta.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)	
Calzado illante para electricistas	Luvas dieléctricas
Banquetas illantes da electricidade	Comprobadores de tensión
Ferramentas illantes	Roupa de traballo impermeable
Roupa de traballo reflectinte	

5.1.2. Desconexión de acometidas.

RISCOS MÁIS FRECUENTES	
Electrocucións por contacto directo ou indirecto	Cortes e feridas con obxectos punzantes
Proxección de partículas nos ollos	Incendios
Escape de augas da rede de saneamento xeral	

MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS COLECTIVAS	
Prevenición de posibles contactos eléctricos indirectos, mediante o sistema de protección de posta a terra, e dispositivos de corte (interruptores diferenciais).	
Desconectarase o entronque da canalización ó colector xeral, e se obturará o burato resultante.	

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)	
Calzado illante para electricistas	Luvas dieléctricas
Roupa de traballo reflectinte	Roupa de traballo impermeable
Gafas de protección	

5.1.3. Limpeza e retirada de materiais perigosos.

RISCOS MÁIS FRECUENTES	
Intoxicación por produtos tóxicos ou químicos que puidera albergar o edificio	Afección de enfermidades pola presenza no edificio de animais portadores de parásitos

MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS COLECTIVAS	
Desinfección e desinsectación dos locais do edificio que puideran albergar produtos tóxicos ou químicos, ou animais susceptibles de ser portadores de parásitos.	

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)	
Casco de seguridade homologado	Gafas de protección
Calzado de seguridade, con sola illante e anticravos	Luvas de coiro
Máscara con filtro mecánico	

5.1.4. Durante os traballos previos á execución da derruba.

A continuación, expónse a relación das medidas preventivas máis frecuentes de carácter xeral a adoptar durante as distintas fases da derruba, imprescindibles para mellorar as condicións de seguridade e saúde na obra.

- A zona de traballo permanecerá ordenada, libre de obstáculos, limpa e ben iluminada.
- Colocaranse carteis indicativos das medidas de seguridade en lugares visibles da obra a derrubar.
- Prohibirase a entrada a toda persoa allea á obra.
- Os recursos preventivos da obra terán presenza permanente naqueles traballos que entrañen maiores riscos, en cumprimento dos supostos regulados polo RD 604/2006, que esixen a súa presenza.
- As operacións que entrañen riscos especiais realizaranse baixo a supervisión dunha persoa cualificada, debidamente instruída.
- A carga e descarga realizarase con precaución e cautela, preferentemente por medios mecánicos, evitando movementos bruscos que provoquen a súa caída.
- A manipulación dos elementos pesados realizarase por persoal cualificado, utilizando medios mecánicos ou pancas, para evitar esforzos innecesarios.
- Ante a existencia de liñas eléctricas aéreas, gardaranse as distancias mínimas preventivas, en función da súa intensidade e voltaxe.
- Manteranse todo o tempo posible os arriostamentos existentes, introducindo, na súa ausencia, os que resulten necesarios para garantir a estabilidade dos elementos arriostados.
- As máquinas avanzarán sempre sobre solo consistente, deixando a suficiente folgura nas frontes de ataque para que podan xirar 360° con plena liberdade.
- O empuxe dos elementos a derrubar realizarase sobre o cuarto superior da altura dos elementos verticais, e sempre por enriba do seu centro de gravidade.
- Suspenderase os traballos en caso de tormenta, e cando chova con intensidade, ou a velocidade do vento sexa superior a 50 km/h.
- Cando as temperaturas sexan extremas, evitarase, na medida do posible, traballar durante as horas de maior insolación.

5.1.5. Estrutura.

Estrutura horizontal: forxados.

RISCOS MÁIS FRECUENTES	
Caídas a distinto nivel	Desplome de voos ou tramos de forxado que cederan
Cortes e golpes na cabeza e extremidades	Cortes e feridas con obxectos punzantes
Atrapamento de persoas	Exposición a temperaturas ambientais extremas
Exposición a vibracións e ruído	Esforzos, movementos repetitivos ou posturas inadecuadas

MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS COLECTIVAS	
Os elementos en voo, e os tramos de forxado que cederan apuntalaranse previamente	
Os voos e os elementos que teñan maior risco serán os primeiros en ser derrubados	
Derrubarase o entrevigado a ambos lados das viguetas, sen debilitalas	

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)	
Casco de seguridade homologado	Gafas de protección
Calzado de seguridade, con sola illante e anticravos	Cinto de seguridade con dispositivo anticaída
Máscara con filtro mecánico	Protectores auditivos
Luvas de coiro	

Estrutura vertical: muros e soportes.

RISCOS MÁIS FRECUENTES	
Caídas a distinto nivel	Esforzos, movementos repetitivos ou posturas inadecuadas
Cortes e golpes na cabeza e extremidades	Cortes e feridas con obxectos punzantes
Atrapamento de persoas	Exposición a vibracións e ruído

MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS COLECTIVAS	
Arriostaranse ou apuntalaranse os muros cunha altura superior a 7 veces o seu espesor	
Alixeirarase simetricamente a carga que gravita sobre os cargadeiros dos ocos, antes de derrubalos.	

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)	
Casco de seguridade homologado	Gafas de protección
Calzado de seguridade, con sola illante e anticravos	Cinto de seguridade con dispositivo anticaída
Máscara con filtro mecánico	Protectores auditivos
Luvas de coiro	

Cimentación.

RISCOS MÁIS FRECUENTES	
Envorcos, choques e golpes provocados pola maquinaria ou por vehículos	Esforzos, movementos repetitivos ou posturas inadecuadas
Exposición a temperaturas ambientais extremas	Cortes e feridas con obxectos punzantes

MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS COLECTIVAS	
Os operarios non desenvolverán traballos, nin permanecerán debaixo de cargas suspendidas	

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)	
Casco de seguridade homologado	Gafas de protección
Calzado de seguridade, con sola illante e anticravos	Faixa antilumbago
Luvras de coiro	Protectores auditivos

5.2. Durante a utilización de medios auxiliares.

A prevención dos riscos derivados da utilización dos medios auxiliares da obra realizarase atendendo ás prescricións da Lei de Prevención de Riscos Laborais, e á Ordenanza de Traballo na construción, vidro e cerámica (Orde do 28 de agosto de 1970), prestando especial atención á Sección 3ª, sobre seguridade no traballo nas industrias da construción e obras públicas, subsección 2ª, estadas en xeral.

En ningún caso, se admitirá a utilización de estadas ou escalas de man que non estean normalizadas, e cumpran coa normativa vixente.

No caso das plataformas de descarga de materiais, só se utilizarán modelos normalizados, dispoñendo de varandas homologadas e enganches para cinto de seguridade, entre outros elementos.

A continuación expónse a relación de medios auxiliares previstos na obra, coas súas respectivas medidas preventivas, e proteccións colectivas:

5.2.1. Puntais.

Non se retirarán os puntais, nin se modificará a súa disposición unha vez entraran en carga, respectándose o período estrito de desencofrado. Os puntais non quedarán dispersos pola obra, evitando o seu apoio en posición inclinada sobre os paramentos verticais, achegándose sempre cando deixen de utilizarse.

Os puntais telescópicos transportaranse cos mecanismos de extensión bloqueados.

5.2.2. Escaleira de man.

Revisarase periodicamente o estado de conservación das escaleiras. Disporán de zapatas antiesvarantes ou elementos de fixación na parte superior ou inferior dos longueiros.

Transportaranse co extremo dianteiro elevado, para evitar golpes a outros obxectos ou a persoas.

Apoiaranse sobre superficies horizontais, coa planeidade adecuada para que sexan estables e inmóbiles, quedando prohibido o uso como cuña de cascallos, ladrillos, bovedillas ou elementos semellantes. Os travesaños quedarán en posición horizontal e a inclinación da escaleira será inferior ó 75% respecto do plano horizontal. O extremo superior da escaleira superará en 1,0 m a altura de desembarque, medido na dirección vertical.

O operario realizará o ascenso e descenso pola escaleira en posición frontal (mirando os chanzos), suxeitándose firmemente coas dúas mans nos chanzos, non nos largueiros. Evitarase o ascenso ou descenso simultáneo de dúas ou máis persoas. Cando se requira traballar sobre a escaleira en alturas superiores a 3,5 m, utilizarase sempre o cinto de seguridade con dispositivo anticaída.

5.2.3. Marquesiña de protección.

A marquesiña sobre o acceso á obra construírase por persoal cualificado, con suficiente resistencia e estabilidade, para evitar os riscos máis frecuentes. Os soportes da marquesiña apoiaranse sobre durmintes perfectamente nivelados. Os elementos que denoten algún fallo técnico ou mal comportamento desmontaranse de forma inmediata para a súa reparación ou substitución.

5.2.4. Baixante de cascallos.

Durante a montaxe e desmontaxe da baixante, utilizaranse os equipos de protección adecuados. seguiranse as instrucións do fabricante para a montaxe e a suxeición da baixante. Asegurarase que a baixante de cascallos estea perfectamente ancorada para garantir a súa estanquidade, comprobándose diariamente o correcto estado de todos os elementos que compoñen a canalización.

Non se permitirá o vertido de cascallos de gran tamaño sen fraccionalos previamente en cachos pequenos. Cubrirase e protexerase con lonas o espazo comprendido entre o punto de saída dos residuos e o colector.

5.2.5. Estada de borriquetas.

As estadas de borriquetas apoiaranse sobre superficies firmes, estables e niveladas. Empregarase un mínimo de dúas borriquetas para a formación de estadas, quedando totalmente prohibido como apoio o uso de bidóns, ladrillos, bovedillas ou outros obxectos.

As plataformas de traballo estarán perfectamente ancoradas ás borriquetas. Queda totalmente prohibido instalar unha estada de borriquetas enriba doutra.

5.2.6. Estada motorizada.

Os elementos que denoten algún fallo técnico ou mal comportamento desmontaranse de forma inmediata para a súa reparación ou substitución. Balizarase a zona situada baixo a estada de cremalleira para evitar o acceso á zona de risco.

Cumpriranse as indicacións do fabricante en canto á carga máxima. Non se permitirán construcións auxiliares realizadas in situ para alcanzar zonas aloxadas.

5.2.7. Plataforma elevadora de tesoira.

A plataforma só deberá ser usada por persoal autorizado e debidamente formado. Non se deberá utilizar a plataforma en atmosferas potencialmente explosivas, baixo condicións climatolóxicas adversas como chuvia, neve ou velocidades do vento superiores a 55 km/h, nin con iluminación insuficiente. Nunca se deberá trepar pola estrutura extensible cando a plataforma estea elevada.

Ó circular coa plataforma, o operador deberá seguir sempre coa vista a traxectoria da mesma, circular por terreo ben asentado, seco, limpo e libre de obstáculos, e respectar as normas de circulación establecidas no recinto da obra. Non se deberá traballar preto de bordos de escavacións, noiros, gabias, desniveis e bordos.

O desprazamento levarase a cabo de forma frontal, evitando tanto a realización de xiros como a circulación en terreos con pendentes superiores ó 30%. O desprazamento non se realizará nunca en dirección transversal á pendente. Non se deberá traballar sobre estadas de borriquetas, escaleiras manuais ou elementos semellantes apoiados sobre a plataforma para alcanzar un punto de maior

altura. Deberase coñecer e respectar a carga máxima admisible, expresada como o número autorizado de persoas e o peso do equipo que se pode transportar. Os EPI contra caídas de altura deberán fixarse ó punto de enganche que haxa disposto o fabricante na plataforma, e nunca a unha estrutura fixa.

5.2.8. Plataforma de descarga.

Utilizaranse plataformas homologadas, non admitíndose a súa construción "in situ". As características resistentes da plataforma serán adecuadas ás cargas a soportar, dispoñendo un cartel indicativo da carga máxima da plataforma.

Disporá dun mecanismo de protección frontal cando non estea en uso, para que quede perfectamente protexida a fronte de descarga. A superficie da plataforma será de material antiesvarante. Conservarase en perfecto estado de mantemento, realizándose inspeccións na fase de instalación e cada 6 meses.

5.2.9. Guindastre autopropulsado.

1. Unha estimación da cantidade, expresada en toneladas e en metros cúbicos, dos residuos de construción e derruba que se xerarán na obra, codificados con arranxo á lista europea de residuos publicada por Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos, ou norma que a substitúa.
2. As medidas para a prevención de residuos na obra obxecto do proxecto.
3. As operacións de reutilización, valorización ou eliminación a que se destinarán os residuos que se xerarán na obra.
4. As medidas para a separación dos residuos en obra, en particular, para o cumprimento por parte do posuidor dos residuos, da obriga establecida no apartado 5 do artigo 5.
5. Os planos das instalacións previstas para o almacenamento, manexo, separación e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e derruba dentro da obra. Posteriormente, ditos planos poderán ser obxecto de adaptación ás características particulares da obra e os seus sistemas de execución, previo acordo da dirección facultativa da obra.
6. As prescricións do prego de prescricións técnicas particulares do proxecto, en relación co almacenamento, manexo, separación e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e derruba dentro da obra.
7. Unha valoración do custe previsto da xestión dos residuos de construción e derruba, que formará parte do orzamento do proxecto en capítulo independente.

Está obrigado a dispor da documentación que acredite que os residuos de construción e derruba realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por un xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos no RD 105/2008 e, en particular, no presente estudio ou nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.

En obras de demolición, rehabilitación, reparación ou reforma, deberá preparar un inventario dos residuos perigosos que se xerarán, que deberá incluírse no estudo de xestión de RCD, así como prever a súa retirada selectiva, coa fin de evitar a mestura entre eles ou con outros residuos non perigosos, e asegurar o seu envío a xestores autorizados de residuos perigosos.

Nos casos de obras sometidas a licenza urbanística, o posuidor de residuos, queda obrigado a constituír unha fianza ou garantía financeira equivalente que asegure o cumprimento dos requisitos establecidos en dita licenza en relación cos residuos de construción e demolición da obra, nos termos previstos na lexislación das comunidades autónomas correspondentes.

2.2.2. Posuidor de residuos (construtor).

A persoa física ou xurídica que execute a derruba - o construtor -, ademais das prescricións previstas na normativa aplicable, está obrigado a presentar á propiedade da mesma un plan que reflicta cómo levará a cabo as obrigas que lle incumban en relación ós residuos de construción e derruba que se vaian a producir na obra, en particular as recollidas nos artigos 4.1 e 5 do RD 105/2008, e as contidas no presente estudio.

O plan presentado e aceptado pola propiedade, unha vez aprobado pola dirección facultativa, pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra.

O posuidor de residuos de construción e derruba, cando non proceda a xestionalos por si mesmo, e sen prexuízo dos requirimentos do proxecto aprobado, estará obrigado a entregalos a un xestor de residuos ou a participar nun acordo voluntario ou convenio de colaboración para a súa xestión. Os residuos de construción e derruba destinaranse preferentemente, e por esta orde, a operacións de reutilización, reciclado ou a outras formas de valorización.

A entrega dos residuos de construción e derruba a un xestor por parte do posuidor haberá de constar en documento fehaciente, no que figure, polo menos, a identificación do posuidor e do produtor, a obra de procedencia e, no seu caso, o número de licenza da obra, a cantidade expresada en toneladas ou en metros cúbicos, ou en ambas unidades cando sexa posible, o tipo de residuos entregados, codificados con arranxo á lista europea de residuos publicada pola Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, ou norma que a substitúa, e a identificación do xestor das operacións de destino.

Cando o xestor ó que o posuidor entregue os residuos de construción e derruba efectúe unicamente operacións de recollida, almacenamento, transferencia ou transporte, no documento de entrega deberá figurar tamén no xestor de valorización, ou de eliminación ulterior ó que se destinarán os residuos.

En todo caso, a responsabilidade administrativa en relación coa cesión dos residuos de construción e derruba por parte dos posuidores ós xestores rexerese polo establecido no artigo 33 da Lei 10/1998, do 21 de abril.

Mentres se encontren no seu poder, o posuidor dos residuos estará obrigado a mantelos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade, así como a evitar a mestura de fraccións xa seleccionadas que impida ou dificulte a súa posterior valorización ou eliminación.

A separación en fraccións levarase a cabo preferentemente polo posuidor dos residuos dentro da obra en que se produzan.

O posuidor dos residuos de construción e derruba estará obrigado a sufragar os correspondentes custes de xestión, e a entregar ó produtor os certificados e a documentación acreditativa da xestión dos residuos, así como a manter a documentación correspondente a cada ano natural durante os cinco anos seguintes.

2.2.3. Negociantes e axentes.

Os negociantes e axentes cumprirán co declarado na súa comunicación de actividades, e coas

cláusulas e condicións asumidas contractualmente.

Estarán obrigados a asegurar que se leve a cabo unha operación completa de tratamento dos residuos que adquiren, e a acreditarlo documentalmente ó produtor ou outro posuidor inicial de ditos residuos.

2.2.4. Xestor de residuos.

Con carácter xeral, os xestores de residuos están obrigados a:

- a) Manter os residuos almacenados nas condicións que fixe a súa autorización. A duración do almacenamento dos residuos non perigosos será inferior a dous anos cando se destinen a valorización e a un ano cando se destinen á eliminación. No caso dos residuos perigosos, en ambos supostos, a duración máxima será de seis meses. Durante o seu almacenamento, os residuos perigosos deberán estar envasados e etiquetados con arranxo ás normas internacionais e comunitarias vixentes. Os prazos mencionados empezarán a computar desde que se inicie o depósito de residuos no lugar de almacenamento.
- b) Constituír unha fianza no caso de residuos perigosos e cando así o esixan as normas que regulan a xestión de residuos específicos ou as que regulan operacións de xestión. Dita fianza terá por obxecto responder fronte á administración do cumprimento das obrigas que se deriven do exercicio da actividade e da autorización ou comunicación.
- c) Subscribir un seguro ou constituír unha garantía financeira equivalente no caso de entidades ou empresas que realicen operacións de tratamento de residuos perigosos, e cando así o esixan as normas que regulan a xestión de residuos específicos ou as que regulan operacións de xestión, para cubrir as responsabilidades que deriven destas operacións. Dita garantía deberá cubrir, en todo caso:
 - a. As indemnizacións debidas por morte, lesións ou enfermidade das persoas.
 - b. As indemnizacións debidas por danos nas cousas.
 - c. Os custes de reparación e recuperación do medio ambiente alterado. Esta cuantía determinarase con arranxo ás previsións da lexislación sobre responsabilidade medioambiental.
- d) Non mesturar residuos perigosos con outras categorías de residuos perigosos nin con outros residuos, substancias ou materiais. A mestura inclúe a dilución de substancias perigosas. O órgano competente poderá permitir mesturas só cando:
 - a. a operación de mesturado sexa efectuada por unha empresa autorizada;
 - b. non aumenten os impactos adversos da xestión de residuos sobre a saúde humana e o medio ambiente, e
 - c. a operación se faga conforme ás mellores técnicas dispoñibles.

Ademais as recollidas na lexislación específica sobre residuos, o xestor de residuos de construción e derruba cumprirá coas seguintes obrigas:

- 1) No suposto de actividades de xestión sometidas a autorización pola lexislación de residuos, levar un rexistro no que, como mínimo, figure a cantidade de residuos xestionados, expresada en toneladas e en metros cúbicos, o tipo de residuos, codificados con arranxo á lista europea de residuos publicada pola Orde MAM/304/2002, ou norma que a substitúa, a identificación do produtor, do posuidor e da obra de onde proceden, ou do xestor, cando procedan doutra operación anterior de xestión, o método de xestión aplicado, así como as cantidades, en toneladas e en metros cúbicos, e destinos dos produtos e residuos resultantes da actividade.
- 2) Poñer a disposición das administracións públicas competentes, a petición das mesmas, a información contida no rexistro mencionado no punto anterior. A información referida a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.

3) Estender ó posuidor ou ó xestor que lle entregue residuos de construción e derruba, nos termos recollidos neste real decreto, os certificados acreditativos da xestión dos residuos recibidos, especificando o produtor e, no seu caso, o número de licenza da obra de procedencia.

Cando se trate dun xestor que leve a cabo unha operación exclusivamente de recollida, almacenamento, transferencia ou transporte, deberá ademais transmitir ó posuidor ou ó xestor que lle entregou os residuos, os certificados da operación de valorización ou de eliminación subseguinte a que foron destinados os residuos.

2.3. Normativa e lexislación aplicable.

O presente estudio redáctase ó abeiro do artigo 4.1.a) do RD 105/2008, sobre obrigas do produtor de residuos de construción e demolición.

Á obra obxecto do presente estudio lle é de aplicación o RD 105/2008, en virtude do artigo 3, por xerarse residuos de construción e derruba definidos no artigo 3, como:

"calquera substancia ou obxecto que, cumprindo a definición de residuo incluída no artigo 3 da lei 10/1998, do 21 de abril, se xenere nunha obra de construción ou derruba" ou ben, "aquele residuo non perigoso que non experimenta transformacións físicas, químicas ou biolóxicas significativas, non é soluble nin combustible, nin reacciona física nin quimicamente nin de ningunha outra maneira, non é biodegradable, non afecta negativamente a outras materias coas cales entra en contacto de forma que poda dar lugar á contaminación do medio ambiente ou prexudicar á saúde humana. A lixiviabilidade total, o contido de contaminantes do residuo e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes, e en particular non deberán supoñer un risco para a calidade das augas superficiais ou subterráneas".

Non é aplicable ó presente estudio, a excepción contemplada no artigo 3.1 do RD 105/2008, ó non xerarse os seguintes residuos:

- a) As terras e pedras non contaminadas por substancias perigosas reutilizadas na mesma obra, nunha obra distinta ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo, sempre e cando poda acreditarse de forma fehaciente o seu destino a reutilización.
- b) Os residuos de industrias extractivas regulados pola Directiva 2006/21/CE, do 15 de marzo.
- c) Os lodos de dragado non perigosos relocalizados no interior das augas superficiais derivados das actividades de xestión das augas e das vías navegables, de prevención das inundacións ou de mitigación dos efectos das inundacións ou as sequías, reguladas polo texto refundido da Lei de Augas, pola Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, e polos tratados internacionais dos que España sexa parte.

A aqueles residuos que se xeneren na presente obra, e estean regulados por lexislación específica sobre residuos, cando estean mesturados con outros residuos de construción e derruba, lles será de aplicación o RD 105/2008, nos aspectos non contemplados na lexislación específica. Para a elaboración do presente estudio, considerouse a normativa seguinte:

2.3.1. Xestión de residuos.

Real Decreto 108/1991, do 1 de febreiro, sobre a prevención e redución da contaminación do medio ambiente producida polo amianto. Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno. B.O.E. 6 de febreiro de 1991.

Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases. Xefatura do Estado. B.O.E. 25 de abril de 1997.

Real Decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o regulamento para a desenvolvemento e execución da Lei 11/1997. Ministerio da Presidencia. B.O.E. 1 de maio de 1998.

Real Decreto 367/2010, do 26 de marzo, de modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei de libre acceso a actividades de servizos e o seu exercicio. Ministerio da Presidencia. B.O.E. 27 de marzo de 2010.

Resolución do 14 de xuño de 2001, pola que se aproba o Plan Nacional de residuos de construción e derruba 2001-2006. Secretaría Xeral de Medio Ambiente. B.O.E. 12 de xullo de 2001

Real Decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro. Ministerio de Medio Ambiente. B.O.E. 29 de xaneiro de 2002.

Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e derruba. Ministerio da Presidencia. B.O.E. 13 de febreiro de 2008.

Real Decreto 367/2010, do 26 de marzo, de modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei de libre acceso a actividades de servizos e o seu exercicio. Ministerio de Presidencia. B.O.E. 27 de marzo de 2010.

Resolución do 20 de xaneiro de 2009, pola que se aproba o Plan Nacional de residuos 2008-2015. Secretaría de Estado de Cambio Climático. B.O.E. 26 de febreiro de 2009.

Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Xefatura do Estado. B.O.E. 29 de xullo de 2011.

2.3.2. Xestión de residuos. Clasificación de residuos.

Orde MAM 304/2002, do 8 de febreiro, de operacións de valorización e eliminación de residuos, e lista europea de residuos. Ministerio de Medio Ambiente. B.O.E. 19 de febreiro de 2002 (corrección de erros no B.O.E. 12 de marzo de 2002).

2.4. Identificación dos residuos de construción e derruba xerados na obra, codificados segundo a orde MAM/304/2002.

Todos os posibles residuos de construción e derruba xerados na obra codificáronse atendendo á Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos, segundo a Lista Europea de Residuos (LER) aprobada pola Decisión 2005/532/CE, dando lugar ós seguintes grupos:

- RCD de nivel I: terras e materiais pétreos, non contaminados, procedentes de obras de escavación. O RD 105/2008 (artigo 3.1.a) considera como excepción de ser considerados como residuos: *“as terras e pedras non contaminadas por substancias perigosas, reutilizadas na mesma obra, nunha obra distinta, ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo, sempre e cando poda acreditarse de forma fehaciente o seu destino á reutilización”*.
- RCD de nivel II: residuos xerados principalmente nas actividades propias do sector da construción, da derruba, da reparación domiciliar e da implantación de servizos.

Estableceuse unha clasificación de RCD xerados, segundo os tipos de materiais dos que están compostos:

MATERIAL SEGUNDO ORDE MINISTERIAL MAM/304/2002	
RCD de nivel I	
1. Terras e pétreos da escavación.	
RCD de nivel II	

RCD de natureza non pétreo
1. Asfalto
2. Madeira
3. Metais (incluídas as súas aleacións)
4. Papel e cartón
5. Plástico
6. Vidro
7. Xeso
RCD de natureza pétreo
1. Arena, grava e outros áridos
2. Formigón
3. Ladrillos, tellas e materiais cerámicos
4. Pedra
RCD potencialmente perigosos
1. Lixos
2. Outros

2.5. Estimación da cantidade dos residuos de construción e derruba que se xerarán na obra.

Estímase a cantidade de residuos xerados na derruba, a partir da medición aproximada das unidades de obra que compoñen o edificio a derrubar, considerando as súas características construtivas e tipolóxicas, en función do peso dos materiais integrantes de ditas unidades de obra.

A partir do peso do residuo, estímase o seu volume mediante unha densidade aparente, definida polo cociente entre o peso do residuo, e o volume que ocupa, unha vez depositado no colector. Os resultados resúmense na seguinte táboa:

Material segundo OM MAM/304/2002	Código LER	Densidade aparente (t/m ³)	Peso (t)	Volume (m ³)
RCD de nivel II				
RCD de natureza non pétreo				
1. Madeira				
Madeira	17 02 01	1,10	2,914	2,649
2. Metais (incluídas as súas aleacións)				
Cobre, bronce, latón	17 04 01	1,50	0,008	0,005
Aluminio	17 04 02	1,50	0,008	0,005
Ferro e aceiro.	17 04 05	2,10	0,434	0,207
Metais mesturados.	17 04 07	1,50	0,078	0,052
Cables distintos dos especificados no código 17 04 10.	17 04 11	1,50	0,035	0,023
3. Papel e cartón.				
Envases de papel e cartón.	15 01 01	0,75	0,000	0,000
4. Plástico.				
Plástico	17 02 03	0,60	0,042	0,070
5. Vidro.				
Vidro	17 02 02	1,00	0,450	0,450
6. Xeso.				

Materiais de construción a partir de xeso, distintos dos especificados no código 17 08 01.	17 08 02	1,00	3,105	3,105
RCD de natureza pétre.				
1. Formigón.				
Formigón (formigóns, morteiros e prefabricados).	17 01 01	1,50	31,039	20,693
2. Ladrillos, tellas e materiais cerámicos.				
Ladrillos	17 01 02	1,25	12,702	10,162
Tellas e materiais cerámicos.	17 01 03	1,25	5,554	4,443
3. Pedra.				
Residuos do corte e serrado de pedra, distintos dos mencionados no código 01 04 07.	01 04 13	1,50	12,278	8,185
RCD potencialmente perigosos.				
1. Outros.				
Materiais de illamento, distintos dos especificados nos códigos 17 06 01 e 17 06 03.	17 06 04	0,60	0,001	0,002
Residuos mesturados de construción e derruba, distintos dos especificados nos códigos 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03.	17 09 04	1,50	0,008	0,005

Na seguinte táboa, expóñense os valores do peso e o volume de RCD, agrupados por niveis e apartados:

MATERIAL SEGUNDO OM MAM/304/2002	Peso (t)	Volume (m ³)
RCD de nivel II		
RCD de natureza non pétre		
1. Asfalto	0,000	0,000
2. Madeira	2,914	2,649
3. Metais (incluídas as súas aleacións)	0,563	0,293
4. Papel e cartón	0,000	0,000
5. Plástico	0,042	0,070
6. Vidro	0,450	0,450
7. Xeso	3,105	3,105
RCD de natureza pétre		
1. Area, grava e outros áridos	0,000	0,000
2. Formigón	31,039	20,693
3. Ladrillos, tellas e materiais cerámicos	18,256	14,605
4. Pedra	12,278	8,185
RCD potencialmente perigosos		
1. Lixos	0,000	0,000
2. Outros	0,009	0,007

2.6. Medidas para a planificación e optimización dos residuos resultantes da derruba dos edificios.

Como criterio xeral, adoptaranse as seguintes medidas para a planificación e optimización da xestión dos residuos xerados durante a derruba da obra:

- Antes de iniciarse as obras de derruba, tomaranse as medidas necesarias para planificar e optimizar a xestión dos residuos.

- Efectuarase a separación selectiva dos residuos que vaian a ser reciclados ou reutilizados, tendo presente que a viabilidade do reciclado ou da reutilización dos residuos de derruba depende dunha correcta separación e clasificación dos residuos valorizables, de forma selectiva. Optarase polos traballos de deconstrución selectiva sobre os de derruba indiferenciada, entendendo a deconstrución como un proceso que facilita a separación dos elementos reutilizables, os materiais reciclables e os destinados ó vertedoiro.
- Preservaranse durante os traballos de derruba, os produtos ou materiais que sexan reutilizables ou reciclables.

Cando os residuos sexan reutilizables, deben evitarse os golpes ou accións que os deteriorenen. Se os residuos son reciclables, non deberán mesturarse con outros que dificulten a súa valorización. En ningún caso, deben mesturarse con residuos contaminantes, porque se perdería por completo a posibilidade de valorizalos.

Deben rexistrarse as cantidades e características dos residuos que se transportan desde os colectores ata os xestores autorizados. Despois da separación selectiva dos residuos, procederase á súa caracterización, sendo necesario establecer un control sobre a natureza e as cantidades dos residuos xerados, así como a identificación dos xestores que se fagan cargo deles.

No caso de que se adopten outras medidas alternativas ou complementarias para a planificación e optimización da xestión dos residuos da derruba, se lle comunicará de forma fehaciente ó director de obra, e ó director da execución da obra para o seu coñecemento e aprobación. Estas medidas non suporán menoscabo algún da calidade da obra, nin interferirán no proceso de execución da mesma.

2.7. Operacións de reutilización, valorización ou eliminación a que se destinarán os residuos de construción e derruba que se xeren na obra de derruba.

O desenvolvemento das actividades de valorización de residuos de construción e derruba requirirá autorización previa do órgano competente en materia medioambiental da comunidade autónoma correspondente, nos termos establecidos pola lexislación vixente en materia de residuos.

A autorización poderá ser outorgada para unha ou varias das operacións que se vaian a realizar, e sen prexuízo das autorizacións ou licenzas esixidas por calquera outra normativa aplicable á actividade. Outorgarase por un prazo de tempo determinado, e poderá ser renovada por períodos sucesivos.

A autorización só se concederá previa inspección das instalacións nas que vaia a desenvolverse a actividade e comprobación da cualificación dos técnicos responsables da súa dirección, e de que está prevista a adecuada formación profesional do persoal encargado da súa explotación.

En relación ó destino previsto para os residuos non reutilizables nin valorables "in situ", exprésanse as características, a súa cantidade, o tipo de tratamento e o seu destino, na táboa seguinte:

Material segundo OM MAM/304/2002	Código LER	Tratamento	Destino	Peso (t)	Volume (m ³)
RCD de nivel II					
RCD de natureza non pétreo					
1. Madeira					
Madeira	17 02 01	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	2,914	2,649
2. Metais (incluídas as súas aleacións)					
Cobre, bronce, latón	17 04 01	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,008	0,005
Aluminio	17 04 02	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,008	0,005

Ferro e aceiro	17 04 05	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,434	0,207
Metais mesturados	17 04 07	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,078	0,052
Cables distintos dos especificados no código 17 04 10.	17 04 11	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,035	0,023
3. Papel e cartón					
Envases de papel e cartón.	15 01 01	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,000	0,000
4. Plástico					
Plástico	17 02 03	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,042	0,070
5. Vidro					
Vidro	17 02 02	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,450	0,450
6. Xeso					
Materiais de construción a partir de xeso, distintos dos especificados no código 17 08 01.	17 08 02	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	3,105	3,105
RCD de natureza pétreo					
1. Formigón					
Formigón (formigóns, morteiros e prefabricados).	17 01 01	Reciclado / Vertedoiro	Planta reciclaxe RCD	31,039	20,693
2. Ladrillos, tellas e materiais cerámicos					
Ladrillos	17 01 02	Reciclado	Planta reciclaxe RCD	12,702	10,162
Tellas e materiais cerámicos	17 01 03	Reciclado	Planta reciclaxe RCD	5,554	4,443
3. Pedra					
Residuos do corte e serrado de pedra, distintos os mencionados no código 01 04 07.	01 04 13	Sen tratamento específico	Restauración / Vertedoiro	12,278	8,185
RCD potencialmente perigosos					
1. Outros					
Materiais de illamento distintos dos especificados nos códigos 17 06 01 e 17 06 03.	17 06 04	Reciclado	Xestor autorizado RPs	0,001	0,002
Residuos mesturados de construción e derruba, distintos dos especificados nos códigos 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03.	17 09 04	Reciclado	Planta reciclaxe RCD	0,008	0,005
<i>Notas:</i>					
<i>RCD: residuos de construción e derruba.</i>			<i>RNPs: residuos non perigosos.</i>		
<i>RSU: residuos sólidos urbanos.</i>			<i>RPs: residuos perigosos.</i>		

2.8. Medidas para a separación dos residuos de construción e derruba en obra.

Os residuos de derruba separaranse nas seguintes fraccións cando, de forma individualizada para cada unha de ditas fraccións, a cantidade prevista de xeración para o total da obra supere as seguintes cantidades:

Formigón	80t	Ladrillos, tellas e materiais cerámicos	40t
Metais (incluídas as súas aleacións)	2t	Madeira	1t
Vidro	1t	Plástico	0,5t
Papel e cartón	0,5t		

Na táboa seguinte indícase o peso total expresado en toneladas, dos distintos tipos de residuos xerados na obra obxecto do presente estudio, e a obrigatoriedade ou non da súa separación in situ.

TIPO DE RESIDUO	TOTAL RESIDUO OBRA (t)	UMBRAL SEGUNDO NORMA (t)	SEPARACIÓN IN SITU
Formigón	31.039	80.00	NON OBRIGATORIA
Ladrillos, tellas, e materiais cerámicos	18.256	40.00	NON OBRIGATORIA
Metais (incluídas as súas aleacións)	0.563	2.00	NON OBRIGATORIA
Madeira	2.914	1.00	OBRIGATORIA
Vidro	0.450	1.00	NON OBRIGATORIA
Plástico	0.042	0.50	NON OBRIGATORIA
Papel e cartón	0.000	0.50	NON OBRIGATORIA

A separación en fraccións levarase a cabo preferentemente polo posuidor dos residuos de construción e derruba dentro da obra.

Se por falta de espazo físico na obra, non resulta tecnicamente viable efectuar dita separación en orixe, o posuidor poderá encomendar a separación de fraccións a un xestor de residuos nunha instalación de tratamento de residuos de construción e derruba externa á obra. Neste último caso, o posuidor deberá obter do xestor da instalación documentación acreditativa de que este cumpriu, no seu nome, a obriga recollida no artigo 5, sobre obrigas do posuidor de residuos de construción e derruba, do RD 105/2008.

O órgano competente en materia medioambiental da comunidade autónoma onde se localiza a obra, de forma excepcional, e sempre que a separación dos residuos no fora especificada e presupostada no proxecto de obra, poderá eximir ó posuidor dos residuos de construción e derruba da obriga de separación dalgunha ou de todas as anteriores fraccións.

2.9. Prescricións en relación co almacenamento, manexo, separación e outras operacións de xestión dos residuos de derruba.

O depósito temporal dos cascallos realizarase en colectores metálicos coa localización e condicións establecidas nas ordenanzas municipais, ou ben en sacos industriais cun volume inferior a un metro cúbico, quedando debidamente sinalizados e segregados do resto de residuos.

Aqueles residuos valorizables, como madeiras, plásticos, chatarra, etc., depositaranse en colectores debidamente sinalizados e segregados do resto de residuos, coa fin de facilitar a súa xestión.

Os colectores deberán estar pintados con cores vivas, que sexan visibles durante a noite, e deben contar cunha banda de material reflectinte de, polo menos, 15 cm ó longo de todo o seu perímetro, figurando de forma clara e lexible a seguinte información:

- Razón social.
- Código de identificación fiscal (C.I.F.).
- Número de teléfono do titular do colector/envase.
- Número de inscrición no rexistro de transportistas de residuos do titular do colector.

Dita información deberá quedar tamén reflectida a través de adhesivos ou placas, nos envases industriais ou outros elementos de contención.

O responsable da obra á que presta servizo o colector adoptará as medidas pertinentes para evitar que se depositen residuos alleos á mesma. Os colectores permanecerán pechados ou cubertos fóra do horario de traballo, coa fin de evitar o depósito de restos alleos á obra e o derrame dos residuos.

O construtor deberá efectuar un estrito control documental, de modo que os transportistas e xestores de RCD presenten os vales de cada retirada e entrega en destino final. No caso de que os residuos se

reutilicen noutras obras ou proxectos de restauración, deberase aportar evidencia documental do destino final.

Evitarase a contaminación mediante produtos tóxicos ou perigosos dos materiais plásticos, restos de madeira, achegas ou colectores de cascallos, coa fin de proceder á súa adecuada segregación.

Os residuos que conteñan amianto cumprirán os preceptos ditados polo RD 108/1991, sobre a prevención e redución da contaminación do medio ambiente producida polo amianto (artigo 7), así como a lexislación laboral de aplicación. Para determinar a condición de residuos perigosos ou non perigosos, seguirase o proceso indicado na Orde MAM/304/2002, anexo II: lista de residuos, punto 6.

2.10. Valoración do custe previsto da xestión dos residuos de construción e derruba.

O custe previsto da xestión dos residuos determinouse a partir do volume dos residuos de derruba contidos na táboa do apartado 5, sobre estimación da cantidade dos residuos que se xerarán na derruba do edificio.

ACTA DE REPLANTEO PREVIO

ACTA PREVIA DE REPLANTEO

PROVINCIA: A CORUÑA
CONCELLO: BOQUEIXÓN
PROXECTO: DERRUBA DE ESTRUTURA NO PICO SACRO
ORZAMENTO TOTAL: 88.000,000.- €
TECNICO: MARÍA CARMEN NOVOA SÍO, arquitecta.


Que se comprobou a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución.

Que se comprobaron cantos supostos figuran no proxecto redactado, e son básicos para o contrato a celebrar.


E para que conste, expídese a presente acta, a efectos de dar cumprimento ó previsto no artigo 126 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Boqueixón, novembro de 2017
María Carmen Novoa Sío
Arquitecta
Servizos técnicos e urbanísticos municipais


PLANOS




NIVEL I




NIVEL O




CIMENTACIÓN




ALZADO NORTE



ALZADO SUR



SECCIÓN



PREGO DE CONDICIÓN

PREGO DE CONDICIÓN

1. PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS.

1.1. DISPOSICIÓN XERAIS.

1.1.1. Disposición de carácter xeral.

1.1.1.1. Obxecto do Prego de Condicións.

Este Prego ten como finalidade fixar os criterios da relación que se establece entre os axentes que interveñen nas obras definidas no presente proxecto de demolición, e servir de base para a realización do contrato de obra entre o Promotor e o Contratista.

1.1.1.2. Contrato de obra.

Recoméndase a contratación da execución da demolición por unidades de obra, con arranxo ós documentos do proxecto, e en cifras fixas. A tal fin, o Director de Obra ofrece a documentación necesaria para a realización do contrato de obra.

1.1.1.3. Documentación do contrato de obra.

Integran o contrato de obra os seguintes documentos, relacionados por orde de prelación, atendendo ó valor das súas especificacións, no caso de posibles interpretacións, omisións ou contradicións:

- As condicións fixadas no contrato de obra.
- O presente prego de condicións.
- A documentación gráfica e escrita do proxecto: planos xerais e de detalle, memorias, anexos, medicións e orzamentos.

No caso de interpretación, prevalecen as especificacións literais sobre as gráficas, e as cotas sobre as medidas a escala tomadas dos planos.

1.1.1.4. Proxecto de demolición.

O proxecto define o sistema de demolición e os métodos de traballo elixidos, así como a maquinaria, ferramenta, mecanismos de percusión e os medios auxiliares a empregar, coa fin de levar a bo termo a demolición do edificio e a xestión dos residuos xerados.

Así mesmo, describe as medidas a adoptar, encamiñadas á prevención dos riscos de accidente e enfermidades profesionais que poden ocasionarse durante os traballos de demolición, e as instalacións preceptivas de hixiene e benestar dos traballadores.

O proxecto componse da seguinte documentación:

- MEMORIA.
- ANEXOS Á MEMORIA.
- PLANOS.
- PREGO DE CONDICIÓN.
- MEDICIÓN E ORZAMENTO.

Os documentos complementarios ó proxecto serán:

- Todos os planos ou documentos de obra que, ó longo da mesma, vaia subministrando a Dirección de Obra como interpretación, complemento ou precisión.
- O estudo básico de seguridade e saúde.
- O plan de seguridade e saúde no traballo, elaborado por cada contratista.
- O estudo de xestión de residuos de demolición.
- O libro de ordes e asistencia.
- Licenzas e outras autorizacións administrativas.

1.1.1.5. Formalización do contrato de obra.

Os contratos formalizaranse, en xeral, mediante documento privado, que poderá elevarse a escritura pública a petición de calquera das partes. O corpo destes documentos conterá:

- A comunicación da adxudicación.
- A copia do recibo de depósito da fianza (en caso de que se fora esixido).
- A cláusula na que se expresa, de forma categórica, que o contratista está obrigado ó cumprimento estrito do contrato de obra, conforme ó previsto neste prego de condicións e ó resto de documentos que deben servir de base para as obras de demolición definidas no presente proxecto.

O contratista, antes da formalización do contrato de obra, dará tamén a súa conformidade coa firma ó prego de condicións, os planos, cadro de prezos e orzamento xeral.

Serán a conta do adxudicatario todos os gastos que ocasione a extensión do documento en que se consigne o contratista.

1.1.1.6. Xurisdición competente.

No caso de non chegar a un acordo cando xurdan diferenzas entre as partes, ambas quedan obrigadas a someter a discusión de todas as cuestións derivadas do seu contrato ás autoridades e tribunais administrativos, con arranxo á lexislación vixente, renunciando ó dereito común e ó foro do seu enderezo, sendo competente a xurisdición onde estivese localizada a obra.

1.1.1.7. Responsabilidade do contratista.

O contratista é responsable da execución das obras de derruba nas condicións establecidas no contrato e nos documentos que compoñen o proxecto.

1.1.1.8. Accidentes de traballo.

É de obrigado cumprimento o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e demais lexislación vixente que, tanto directa como indirectamente, inciden sobre a planificación da seguridade e saúde nos traballos da derruba do edificio.

É responsabilidade do coordinador de seguridade e saúde, ó abeiro do Real Decreto 1627/1997, o control e o seguimento, durante toda a execución da demolición, do plan de seguridade e saúde redactado polo contratista.

1.1.1.9. Danos e prexuízos a terceiros.

O contratista será responsable de todos os accidentes que, por inexperiencia ou descoido, sobreviran tanto na edificación onde se efectúen as obras como nas lindeiras ou contiguas. Será por tanto da súa conta o pagamento das indemnizacións a quen corresponda e cando a elo houbese

lugar, e de todos os danos e prexuízos que podan ocasionarse ou causarse nas operacións da execución das obras de derruba.

Así mesmo, será responsable dos danos e prexuízos directos ou indirectos que se podan ocasionar fronte a terceiros como consecuencia da obra, tanto nela como nos seus redores, incluso os que se produzan por omisión ou negligencia do persoal ó seu cargo, así como os que se deriven dos subcontratistas e industriais que interveñan na obra.

É da súa responsabilidade manter vixente durante a execución dos traballos unha póliza de seguros fronte a terceiros, na modalidade de "Todo risco ó derribo e a construción", subscrita por unha compañía aseguradora coa suficiente solvencia para a cobertura dos traballos contratados. Dita póliza será aportada e ratificada polo promotor ou propiedade, non podendo ser cancelada mentres non se firme a acta de recepción provisional da obra.

1.1.1.10. Anuncios e carteis.

Sen previa autorización do promotor, non se poderán colocar nas obras nin nos seus valados máis inscricións ou anuncios que os convenientes ó réxime dos traballos e os esixidos pola policía local.

1.1.1.11. Copia de documentos.

O contratista, á súa costa, ten dereito a sacar copias dos documentos integrantes do proxecto.

1.1.1.12. Achados.

O promotor resérvase a posesión das antigüidades, obxectos de arte ou substancias minerais utilizables que se encontren nas escavacións e derrubas practicadas nos seus terreos ou edificacións. O contratista deberá empregar, para extraelos, todas as precaucións que se lle indiquen por parte do director de obra.

O promotor pagará ó contratista o exceso de obras ou gastos especiais que estes traballos ocasionen, sempre que estean debidamente xustificadas e aceptadas pola dirección facultativa.

1.1.1.13. Causas de rescisión do contrato de obra.

Consideraranse causas suficientes de rescisión de contrato:

- a) A morte ou incapacitación do contratista.
- b) A quebra do contratista.
- c) As alteracións do contrato polas causas seguintes:
 - a. A modificación do proxecto en forma tal que represente alteracións fundamentais do mesmo a xuízo do director de obra e, en calquera caso, sempre que a variación do orzamento de execución material, como consecuencia destas modificacións, represente unha desviación maior do 20%.
 - b. As modificacións de unidades de obra, sempre que representen variacións en máis ou en menos do 40% do proxecto orixinal, ou máis dun 50% de unidades de obra do proxecto reformado.
- d) A suspensión de obra comezada, sempre que o prazo de suspensión excedera dun ano e, en todo caso, sempre que por causas alleas ó contratista non se dea comezo á obra adxudicada dentro do prazo de tres meses a partir da adxudicación. Neste caso, a devolución da fianza será automática.
- e) Que o contratista non comece os traballos dentro do prazo sinalado no contrato.
- f) O incumprimento das condicións do contrato cando implique descoido ou mala fe, con prexuízo

dos intereses das obras.

- g) O vencemento do prazo de execución da derruba.
- h) O abandono da obra sen causas xustificadas.
- i) A mala fe na execución da derruba.

1.1.1.14. Omisións: boa fe.

As relacións entre o promotor e o contratista, reguladas polo presente prego de condicións e a documentación complementaria, consisten na prestación dun servizo ó promotor por parte do contratista mediante a execución dunha obra, baseándose na BOA FE mutua de ambas partes, que pretenden beneficiarse desta colaboración sen ningún tipo de prexuízo. Por este motivo, as relacións entre ambas partes e as omisións que podan existir neste prego e a documentación complementaria do proxecto e da obra, entenderanse sempre suplidas pola BOA FE das partes, que as emendarán debidamente coa fin de levar a cabo a derruba e a xestión dos residuos xerados, de forma eficiente e sostible.

1.1.2. Disposicións relativas a traballos e medios auxiliares.

Descríbense as disposicións básicas a considerar na execución da derruba, relativas ós traballos e medios auxiliares.

1.1.2.1. Accesos e valados.

O contratista disporá, pola súa conta, os accesos á obra, o cerramento ou o valado desta e o seu mantemento durante os traballos de derruba, podendo esixir o director de execución da obra a súa modificación ou mellora.

1.1.2.2. Inicio da obra e ritmo de execución dos traballos.

O contratista dará comezo ás obras de derruba no prazo especificado no respectivo contrato, desenvolvéndose de maneira adecuada para que dentro dos períodos parciais sinalados se realicen os traballos, de modo que a execución total se leve a cabo dentro do prazo establecido no contrato.

Será obriga do contratista comunicar á dirección facultativa o inicio das obras de derruban, de forma fehaciente e preferiblemente por escrito, polo menos con tres días de antelación.

O director de obra redactará a acta de comezo da obra de derruba o día de inicio dos traballos e a asinarán na mesma obra, xunto con el, o director da execución da obra, o promotor e o contratista. Para a súa formalización, comprobará que na obra existe copia dos seguintes documentos:

- Proxecto de derruba, cos seus anexos e modificacións.
- Plan de seguridade e saúde no traballo e a súa acta de aprobación por parte do coordinador de seguridade e saúde durante a execución dos traballos.
- Licenza de obra outorgada polo Concello.
- Comunicación de apertura do centro de traballo, efectuada polo contratista.
- Outras autorizacións, permisos e licenzas que sexan preceptivas por outras administracións.
- Libro de ordes e asistencia.
- Libro de incidencias.

A data da acta de comezo da obra marca o inicio dos prazos parciais e o prazo total dos traballos de derruba.

1.1.2.3. Orde dos traballos.

A determinación da orde dos traballos é, por regra xeral, facultade do contratista, salvo naqueles casos en que, por circunstancias de natureza técnica, ou por razóns de seguridade, se estime conveniente a súa variación por parte da dirección facultativa.

1.1.2.4. Facilidades para outros contratistas.

De acordo co que requira a dirección facultativa, o contratista dará todas as facilidades razoables para a realización dos traballos que lle sexan encomendados ós subcontratistas ou outros contratistas que interveñan nos traballos de derruba. Todo elo sen prexuízo das compensacións económicas ás que haxa lugar pola utilización dos medios auxiliares ou o subministro de enerxía, ou outros conceptos.

En caso de litixio, todos eles axustaranse ó que resolva a dirección facultativa.

1.1.2.5. Modificación do proxecto por causas imprevistas ou de forza maior.

Cando se precise modificar o proxecto por causas imprevistas, por motivos de seguridade ou por calquera incidencia, non se interromperán os traballos, continuándose segundo as instrucións da dirección facultativa, en tanto se formula ou se tramita o proxecto reformado.

O contratista está obrigado a realizar, co seu persoal e os seus medios materiais, canto a dirección de execución da obra dispoña para apeos, apuntalamentos, derrubas, recalces ou calquera obra de carácter urxente, anticipando de momento este servizo, cuxo importe lle será consignado nun orzamento adicional ou abonado directamente, de acordo co que se conveña.

1.1.2.6. Interpretacións, aclaracións e modificacións do proxecto.

O contratista poderá requirir do director de obra ou do director de execución da obra, segundo os seus respectivos cometidos e atribucións, as instrucións ou aclaracións que se precisen para a correcta interpretación e execución da obra de derruba.

Cando se trate de interpretar, aclarar ou modificar preceptos dos pregos de condicións ou indicacións dos planos, bosquexos, ordes e instrucións correspondentes, comunicaranse necesariamente por escrito ó contratista, estando este á súa vez obrigado a devolver os orixinais ou as copias, subscribindo coa súa firma o enterado, que figurará ó pé de todas as ordes, avisos e instrucións que reciba tanto do director de execución da obra, como do director de obra.

Calquera reclamación que crea oportuno facer o contratista en contra das disposicións tomadas pola dirección facultativa, deberá dirixila, dentro do prazo de tres días, a quen a ditara, quen lle dará o correspondente recibo, si este o solicitase.

1.1.2.7. Prórroga por causa de forza maior.

Se, por causa de forza maior ou independentemente da vontade do contratista, este non puidese comezar as obras, tivese que suspendelas ou non lle fora posible terminalas nos prazos prefixados, se lle outorgará unha prórroga proporcionada para o seu cumprimento, previo informe favorable do director de obra. Para elo, o contratista exporá, en escrito dirixido ó director de obra, a causa que impide a execución ou a marcha dos traballos e o retraso que por elo se orixinaría nos prazos acordados, razoando debidamente a prórroga que por dita causa solicita.

1.1.2.8. Responsabilidade da dirección facultativa no retraso da obra.

O contratista non poderá escusarse de non ter cumprido os prazos estipulados alegando como causa a carencia de planos ou ordes da dirección facultativa, a excepción do caso en que, tendo solicitado por escrito, non se lle houbese proporcionado.

1.1.2.9. Limpeza das obras.

É obriga do contratista manter limpas as obras e os seus redores, tanto de cascallos como de materiais sobrantes, retirar as instalacións provisionais que non sexan necesarias, así como executar todos os traballos e adoptar as medidas que sexan apropiadas para que a obra presente bo aspecto.

1.1.2.10. Obras sen prescricións explícitas.

Na execución de traballos que pertencen á derruba do edificio, para os que non existan prescricións consignadas explicitamente neste prego nin na restante documentación do proxecto, o contratista aterase, en primeiro termo, ás instrucións que dite a dirección facultativa das obras e, en segundo lugar, ás normas e prácticas da boa construción.

1.2. DISPOSICIÓN FACULTATIVAS.

1.2.1. Definición, atribucións e obrigas dos axentes da edificación.

As atribucións e as obrigas dos distintos axentes intervinentes na edificación son as reguladas nos seus aspectos xerais pola Lei 38/1999, de ordenación da edificación (LOE).

1.2.2. Axentes que interveñen na obra segundo a Lei 38/1999 (LOE).

Os axentes intervinentes no proceso de derruba sinálanse no apartado "Axentes intervinentes" da memoria descritiva do proxecto.

1.2.3. Axentes en materia de seguridade e saúde segundo o RD 1627/1997.

Os axentes intervinentes en materia de seguridade e saúde sinálanse no apartado "Axentes intervinentes" da memoria do estudio básico de seguridade e saúde.

1.2.4. Axentes en materia de xestión de residuos segundo o RD 105/2008.

Os axentes que interveñen na xestión dos residuos da derruba defínense no apartado "Axentes intervinentes" do anexo "estudio de xestión de residuos".

1.2.5. Visitas facultativas.

Son as realizadas á obra de maneira conxunta ou individual por calquera dos membros que compoñen a dirección facultativa. A intensidade e número de visitas dependerá dos cometidos que a cada axente lle son propios, podendo variar en función dos requirimentos específicos e da maior ou menor esixencia presencial requirible ó técnico en cada caso, e segundo cada unha das fases da obra. Deberán adaptarse ó proceso lóxico de derruba, podendo os axentes ser ou non coincidentes na obra, en función da fase concreta que se estea desenvolvendo en cada momento, e do cometido esixible a cada cal.

1.2.6. Obrigas dos axentes intervinentes.

As obrigas dos axentes que interveñen na edificación son as contidas nos artigos 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15 e 16, do capítulo III da LOE e demais lexislación aplicable.

